

- **Lugar:** Pousadoiro, SANTALLA D'OZCOS.
- **Narrador:** Armando García López, 77 anos (2012).
- **Recopiladores:** Jesús Suárez López, José Luis Díaz Álvarez y Fernando Ornos Fernández..
- **Grabacióis:** *Meiciñando el fío.*

Meiciñando el fío

Bueno, había veces que mancábase ún... unha torcedura d'un pé e dicían qu'era "el fíu", qu'era cumu si fora un nervio que saltara del... e neso... eso agora xa nun hai con qué facelo por culpa de que había qu'ir buscar nove pedras cumu unha avellana ou cumu unha noz ou... pur unde pasaban us sacramentos, y entonces con eso facíanse unhas cruces na perna, ou na mao ou na muñeca e dicían unhas palabras, e tamén se facía nove veces. Eran nove pedras e con cada pedra tres veces, e dicíanse unhas palabras tamén, decían:

Fíu qu'ardes y ardiche,
vólvete por unde saliche,
pola gracia de Dios
e da Virgen María, amén.

Y eu fícenlo unha vez a min mesmo, que me mancara cun un madero, e fícenlo del revés, era nunha perna, e fícenlo das dedas pá rodilla, e duléume máis. Nun sei se eu que tía creencia neso se... El... din de voces toda a noite, y al día siguiente dinme cuenta que lo fecera del revés e volvín facelo e tuven así hasta medio día, y al medio día marchéi ver un cumpustor a Ventoso, d'a cabalo da bestia, y antes de chegar xunta el compostor tuven que apearne da bestia pa orinar e xa casi me pasara. Cheguéi xunta el compostor e díxome: "Mancado nun teis nada, hai algún tendón que che salíu del sou situ e volvéuse al sou situ".

Ye mía abuela unha vez tamén —eso chamábanye "meiciñar"— foi busca-las pedras, e cuando vía cun elas encontróuse que traguía un trocín de madera e dixo: "Bueno, esto será igual, que nun é cun malicia". E vociéi toda a noite, berréi toda a noite del... y á mañá seguinte levantóuse mía madre ya díxolle:

—Ten que volver meiciñarlle el dedo al neno, que berróu toda a noite.

E dixo:

—Ahora mismo.

E contóuno ela despóis, meiciñóume cuas pedras, adormecín e cuando despertéi pasárame el dedo. Eso pasóume a min, ahora que muitas personas nun creen neso. Eu nun sei se é dinnu de creer, se... pero a min pasóume eso.



013.
ARMANDO GARCÍA LÓPEZ
Pousadoiro, SANTALLA D'OZCOS

Foto: Jesús Suárez López

